

INSTRUCCIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES DA USC PARA A INSCRICIÓN DO ALUMNADO DE COLEXIOS NOS CURSOS DE NATACIÓN DA PISCINA UNIVERSITARIA.

Curso 2018-19

Os pasos para realizar a inscrición de menores nos grupos de Natación dos Colexios son:

1. **Rexistro** da nai, pai ou titor/a legal, como usuario de deportes da USC.
2. **Rexistro da/do menor** como **usuario tutelado** de deportes da USC.
3. **Inscrición da/do menor** no grupo de natación do colexio.
4. **Solicitud da TUI** (tarxeta universitaria identificativa) para a/o menor.

Os rexistros da persoa responsable e da/do menor fanse unha soa vez. Si xa están rexistrados, pase directamente a inscribir á/ao nena/o no curso de natación do colexio (punto 3).

As TUI son nominativas e teñen validez indefinida. Tense que solicitar se non se dispón dunha TUI propia e a súa obtención é inmediata (punto 4). As TUI provisionais xa non son válidas, devolve-ranse en Conserxaría.

1. REXISTRO COMO PERSOA USUARIA DA NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL DA/DO MENOR.

- O rexistro faise **desde a web** do Servizo de Deportes, creando unha conta de usuario. O enlace é: <https://aplicacions.usc.es/deportes/privada/usuarios/datos.jsp>

Se pertence a **Comunidade Universitaria** prema en "Autenticación Comunidade Universitaria" (<https://aplicacions.usc.es/deportes>) e siga as indicacións das sucesivas ventás. A aplicación asignaralle a categoría "A".

As persoas **sen vinculación coa USC** teñen que premer en "Autenticación Persoas Alleas" (<https://aplicacions.usc.es/deportes>) para crear unha conta de usuario e seguir as indicacións das sucesivas ventás. Débese gardar a clave que xere ao cubrir a ficha, xa que esta e o enderezo electrónico que se indique no formulario serán as credencias que se necesitarán para acceder a conta no futuro.

A aplicación asignaralle a tarifa da categoría "C". Se considera que pode pertencer a outra categoría consúlteo neste enlace <https://aplicacions.usc.es/deportes/categorias>. Para modificala entre na súa conta e na lapela categorías escolla o colectivo que considere e achegue o documento acreditativo que lle indicará a ventá, fágao seguindo o proceso guiado.

- De ser necesario, pode rexistrarse de xeito presencial nas oficinas do Servizo, de luns a venres entre as 9 e as 14 horas na 1ª planta da piscina universitaria. A documentación requirida é: DNI, NIE, pasaporte ou carné de conducir.

2. REXISTRO DA/DO MENOR COMO USUARIO TUTELADO.

A nai, pai ou titor/a legal rexistra á/ao menor desde a súa propia conta de usuario de Deportes, á que accede utilizando como "Login" o enderezo electrónico e a clave que indicou ao facer o rexistro, o enlace web é <https://aplicacions.usc.es/deportes/privada/usuarios/datos.jsp>

Para rexistrar á/ao menor, atopará na ventá da súa conta a opción "Rexistro de menores/tutelados" onde completará o formulario e seguirá as indicacións da aplicación. Ao finalizar recibirá un correo coa confirmación do mesmo.

De ser necesario, pode rexistrala/o de xeito presencial nas oficinas do Servizo, de luns a venres entre as 9 e as 14 horas na 1ª planta da piscina universitaria. A documentación requirida da/do menor é: DNI, NIE, pasaporte e Libro de Familia.

3. INSCRICIÓN DA/DO MENOR NO GRUPO DE NATACIÓN DO COLEXIO.

A nai, pai ou titor/a legal xestiona desde a súa conta de usuario de Deportes tamén a conta da/do menor e por tanto as actividades deportivas da/do menor e as súas propias, de habelas. É importante comprobar que se atopa na conta da/do menor antes de facer a inscrición.

- Pasos para inscribir á/ao menor no grupo de natación do colexio vía web:
 - Acceda a súa conta, utilizando como "Login" o enderezo electrónico e a clave que xerou cando se rexistrou.
Na ventá principal aparecerá o seu nome na parte superior e o da/do menor tutelado na metade da páxina, o acceso á conta da/do menor faise a través do botón "Entrar" que aparece a carón do nome da/do menor.
 - Desde a conta da/do nena/o, no menú da franxa azul na parte superior, vaia a "Escolas e Actividades", no despregable elixa "Santiago de Compostela" e a continuación "Entidades Alleas".
 - Aparecerá unha relación de actividades, busque a do Colexio e prema en Ver +.
 - Na pantalla que se abrirá faga a inscrición no grupo que corresponda, antes do **23 de setembro**, e siga as indicacións ata rematar o proceso.
 - O Servizo de Deportes confirmaralle a inscrición unha vez feita a comprobación de que a/o menor aparece na listaxe de nenos/as do grupo do Colexio.
- Se é necesario ou existe algún problema telemático pode facer a inscrición nas oficinas do Servizo de Deportes.

4. Solicitude da TUI (tarxeta universitaria identificativa) para a/o menor.

A TUI é necesaria para o control do acceso á instalación da/do menor, quen terá que presentala na Conserxaría ao ir a realizar a actividade. É persoal e intransferible e ten unha vixencia indefinida.

A TUI solicitarase de xeito presencial acompañada/o da nai, pai ou titor/a legal nunha das oficinas que o Banco Santander ten nos campus e require, ademais, a presentación do DNI/NIE/pasaporte da/do menor; o mesmo Banco fará a fotografía que se precisa.

Oficinas do Banco Santander:

- No Campus Sur, Avenida Lope Gómez de Marzoa (Pavillón Estudantil, fronte o campo de fútbol), de luns a xoves, de 08:30 h. a 17:00 h., e venres, de 08:30 h. a 14:30 h.
- No Campus Norte, Avenida do Burgo das Nacións (Facultade de Económicas), de luns a xoves, de 08:30 h. a 17:00 h., e venres, de 08:30 h. a 14:30 h.

Se a/o menor estivese rexistrada/o como usuario de Deportes sen o número do DNI, debe incluílo antes de solicitar a TUI. O xeito de facelo é achegando ao Servizo de Deportes (deporsec@usc.es) a fotocopia do DNI da/do menor e a da nai, pai, titor/a legal que o tutelou xunto co formulario* "ARCO de rectificación de datos persoais nos ficheiros da USC" cuberto, no que se indicará **engadir DNI** no apartado "Debe dicir".

* <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/en/servizos/deportes/descargas/Formulario-ARCO.-Rectificacion-datos.pdf>,

ou <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>.